



Peirao eumés  
(Ferrer, 1905 aprox.)

PUNTEDEUME

Dende 1900, sen interrupción ata hoxe, Pontedeume contou sempre con excelentes fotógrafos. **Marcelino Saavedra Paadín** (1883 - 1960), **Francisco Salido Seco** (1901-1965), **Augusto Ríos Fonte** (1943 - 2013), **Ramiro Piñeiro López** (1942) entre outros, foron relevándose e facendo medrar o fondo icónico local.  
(Ver <http://catedra.pontedeume.es/21/catedra2103.pdf>)

Asimesmo, ben comunicada entre dúas cidades, a vila e a comarca eumesa foron destinos obrigatorio para numerosos fotógrafos alleos, atraídos polos seus patrimonios natural, arquitectónico e inmaterial. Postais, álbumes, porfolios, xornais e revistas publicaron os seus traballos. Destacando entre os profesionais os coruñeses **Pedro Ferrer Sanz**, **José Villar Martelo** e o francés afincado en Barcelona **Lucien Roisin**



Peirao eumés (L.Roisin, 1935)

Este idilio artístico comezou ben cedo. En 1865, un fotógrafo descoñecido retratou a ponte de madeira (feita en tanto era retirada a medieval e se construía a nova) encadrando río, ponte, vila e monte Bremao de forma artística, podendo considerarse como a primeira fotografía paisaxística feita en Galicia.

Pasando os anos, esa perspectiva dende Cabanas foi repetida mil veces, tanto por fotógrafos profesionais como aficionados, confirmando o acerto estético do anónimo pioneiro.



Primeira foto paisaxística de Galicia  
(Anónimo, 1865 BPMP)

Por outra banda, como en calquera outra bisbarra da beiramar nas vilas ártabras viviuse intensamente a chegada da pesca industrial e o consecuente asociacionismo de mariñeiros e armadores.


Numerosos documentos conservados permiten reconstruír o importante asociacionismo eumés que comezou en 1908 coa "**Hermandad Marítima**", a única organización mariñeira impulsada polos *solidarios*. Foi seguida por outros sindicatos anarquistas (**Sociedad de Marineros Pescadores** de 1914, **Unión de Pescadores** de 1919), de armadores (**Gremio de Armadores de tarrafas** de 1920) e polo **Pósito** que tivo períodos realmente destacados. Nos tempos da República o **Sindicato Único de Trabaxadores** representou ós máis de cincocentos eumeses vencellados coa pesca.



Excursión á Coruña (M.Saavedra, 1910 aprox)

Todas estas asociacións deixaron constancia das contradicións vividas por aquelas xeracións de mariñeiros que comprobaban a eficacia das novas embarcacións e artes, o que conlevaba a marxinación das técnicas tradicionais. Finalmente os que non atoparon traballo nos vapores tiveron que emigrar, participando nas poderosas agrupacións galegas en Cuba, Arxentina e EEUU

Debemos agradecer a cesión deste importante material icónico e documental a: **ARQUIVO DO REINO DE GALICIA, REAL ACADEMIA GALEGA, CENTRO GALEGO DAS ARTES DA IMAXE, MUSEO DO POBO GALEGO** e o **ARCHIVO GENERAL DE LA ADMINISTRACIÓN**, ademais dos fondos particulares de **Antonio Leira Noche**, **Antón Prego Fernández** e **Muebles la Mina**.



Tarrafa eumesa  
(B.Rodriguez, 1920)